



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN EN DEFENSA DO EMPREGO E APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO SECTOR INDUSTRIAL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en defensa do emprego e apoio aos traballadores e traballadoras do sector industrial.

Exposición de motivos

Somos conscientes de que nos atopamos nunha situación excepcional debido á pandemia da Covid-19. Pero chegados a este punto, no que cada día aumentan mais e mais os ERES, ERTES, desemprego... na nosa comarca e no noso país, tamén somos conscientes de que o problema xa viña de antes. A falta dunha estratexia empresarial concreta e dunhas políticas industriais que sexan capaces de garantir emprego de calidade é un problema estrutural que padecemos dende fai xa moito tempo e que levounos a posicionar ao noso país no “top 5” de comunidades autónomas con máis ERTES e despidos a causa do coronavirus, sendo sorprendentemente unha das menos afectadas pola pandemia. Isto non ven mais que a poñer de manifesto as finas liñas que sosteñen ao noso tecido industrial.

Noa Madera Creativa, unha das empresas que mais o está a padecer, pertencente ao Grupo Malasa, unha empresa que amosou uns beneficios de 9 millóns de euros no ano 2019, pero que ven de presentar dous Expedientes de Regulación de Emprego (ERE), co

soporte da reforma laboral artellada polo Partido Popular no ano 2012, coa que as empresas teñen liberdade para despedir aos seus traballadores alegando “previsión de perdas”. Tamén presenta un ERTE non vinculado a motivos de forza maior pola crise da Covid-19 para a outra metade da plantilla, o que supón, que os traballadores afectados non gocen da protección que ofrecen os ERTES como é non consumir a prestación por desemprego ou que non podan ser despedidos durante 6 meses unha vez reincorporados.

Cándido Hermida, unha empresa referente no sector, ven de presentar un ERTE para parte dos seus traballadores e traballadoras cunhas condicións certamente inxustas e lesivas para a plantilla afectada, alegando causas de produción cando todo apunta a que, en tal caso, serían causas económicas. Poñendo así de manifesto, que a clase traballadora sempre cae do peor lado na balanza dos dereitos.

Despois de ver como Alcoa Coruña loitaba por manter os empregos de milleiros de persoas, asistimos de novo a un escenario que está sendo común no noso día a día, os veciños e veciñas da Mariña Lucense están as portas de perder o seu sustento e medio de vida.

Alcoa representa o 30% do PIB da provincia de Lugo, polo que o peche desta factoría sería un auténtico drama non so para os que traballan en San Cibrao se non para toda unha poboación que depende indirectamente da actividade desta empresa.

Isto, soamente son tres exemplos de tres empresas, pero poderíamos escribir follas e follas coas situacións de centenaes de organizacións empresariais que contribúen a desertización industrial e económica de Galicia, mentres as administracións competentes permanecen caladas e sen traballar cara un plan que garante unha industria forte e solvente que en consecuencia afiance postos de traballo de calidade.

É obvio, que o señor Feijoo é cómplice deste desmantelamento industrial que estamos a sufrir, por non exercer as súas plenas competencias que lle outorga o artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, artigo que non utilizou nos mais de 10 anos que leva gobernando.

Toda Galicia estase desangrando nunha crise estrutural sostida nas últimas décadas. Antes da Covid-19, xa estábamos nunha situación límite e a crise sanitaria non fixo mais que acelerar o que tarde ou cedo ía acontecer. Anuncios de carga de traballo nos estaleiros que nunca chegan ou promesas na construción de infraestruturas, pero todo queda en mera publicidade electoral, a comarca está a esmorecer e ninguén mira por ela.

Por todo elo, queremos amosar todo o noso apoio e solidariedade aos traballadores e traballadoras que se enfrontan nestes momentos a un futuro incerto e solicitar as administracións competentes as solucións menos daniñas para minimizar a perda de postos de traballo, así, SOLICITAMOS

1. Instar a Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a tomar medidas contra a desertización industrial con axudas directas e intervención de empresas de ser necesario.

Ferrol, 18 de xuño de 2020



Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común